



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/53/2014	CONYIOPA
6E2L0B2R6R396N1C1C8G	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE DOCENCIA NA ESCOLA DE MÚSICA MODERNA E ATENCIÓN DA AULA DE ENSAIO DA CASA DA MOCIDADE E CONSELLO MUSICAL

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral

D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental

Dna. Natalia Hermida Rico, concelleira delegada de Mocidade

Dna. Yolanda Martínez García, xefa accidental do Servizo Sociocomunitario.

Secretario da Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación.

Sendo as 12:00 horas do día sete de outubro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar a oferta técnica presentada pola empresa licitadora do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de asistencia para o servizo de docencia na escola de música moderna e atención da aula de ensaio da Casa da Mocidade e Consello Musical.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater os informes elaborados pola técnico municipal, Dna. Mercedes Sánchez Romero, que se achegan como anexo a esta acta, no que se analizan os criterios de licitación suxeitos a xuízo de valor da oferta presentada pola única empresa licitadora.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, presenta as seguintes conclusións:

Emítense dous informes, un por cada lote: Escola de música e Xestión de aulas de ensaio Este informe baseándose no prego de condicións técnicas recolle unha proposta de puntuación das ofertas con base nas cinco áreas valoradas conxuntamente con 49 puntos, por cada un dos lotes:

- 1) Adecuación dos contidos ás idades e nivel de coñecemento dos menores e incorporación do principio de igualdade.
Adscribense a esta área 10 puntos.
- 2) Metodoloxía.
Adscribense a esta área 10 puntos.
- 3) Métodos de avaliación empregados
Adscribense a esta área 9 puntos.
- 4) Obxectivos perseguidos
Adscribense a esta área 10 puntos.
- 5) Recursos humanos adscritos ao contrato
Adscribense a esta área 10 puntos



NARÓN

Dacordo con esta proposta, os distintos proxectos acadan a seguinte puntuación:

LOTE 1

Empresa	Área 1	Área 2	Área 3	Área 4	Área 5	Total
Esproade Servicios integrados SL.	8	5	6	5	8	32

LOTE 2

Empresa	Área 1	Área 2	Área 3	Área 4	Área 5	Total
Esproade Servicios integrados SL.	7	5	4	6	8	30

A Mesa de Contratación acordou facer seu este informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada.

Levantada a sesión pola presidencia, as doce horas e dez minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan o presidente e a secretaria da Mesa, do que, como secretaria, dou fe.